



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

En Muros, na data da sinatura dixital, a Sra. Alcaldesa do Concello de Muros D^a. María Inés Monteagudo Romero dita a seguinte RESOLUCIÓN:

Visto o artigo 10 das bases reguladoras de axudas, en réxime de concesión directa, dirixidas a traballadores/as do réxime especial de autónomos da Seguridade Social afectadas pola suspensión ou peche dos locais abertos ao público polo estado de alarma decretado polo Goberno e para o impulso da actividade económica no termo municipal co fin de paliar os efectos provocados pola emerxencia sanitaria do COVID-19 publicadas no BOP núm. 130 de 14 de agosto de 2020

RESOLVO

Primeiro. Nomear como Instrutora do procedemento das axudas, en réxime de concesión directa, dirixidas a traballadores/as do réxime especial de autónomos da Seguridade Social afectadas pola suspensión ou peche dos locais abertos ao público polo estado de alarma decretado polo Goberno e para o impulso da actividade económica no termo municipal co fin de paliar os efectos provocados pola emerxencia sanitaria do COVID-19, a funcionaria do Concello, María Noelia Louro Louro, ou persoa en quen delegue

Segundo. Nomear a comisión de verificación, quen formulara a proposta de concesión previo informe do órgano instrutor respecto dos cumprimento polo solicitantes dos criterios previstos nas bases da convocatoria e que estará composta por:

Presidenta: María do Carmen González García, concelleira de Economía e Facenda, ou persoa en quen delegue

Vogais: O funcionario do Concello D. Francisco Abeijón Núñez, ou persoa en quen delegue

A funcionaria do Concello, Da. María Ofir Aboy García ou persoa en quen delegue, que actuara como secretaria

Terceiro. A instrutora e os membros da comisión estarán sometidos as regras establecidas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime Xurídico do Sector Público.

Cuarto. Notificar este acordo a instrutora do procedemento e os membros da comisión, e dar conta ao pleno da corporación na primeira sesión que se celebre



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Quinto. Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa), todo ilo sen prexuízo de que poida exercitar calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos

Documento asinado dixitalmente pola Alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero, e pola secretaria, María Ofir Aboy García